



Execución dun expediente de reposición da legalidade urbanística que estaba paralizado.

Expediente: B.10 Q/4183/20

Santiago de Compostela, 15 de xaneiro de 2021

Estimado Sr. [REDACTED]:

Con data do 1 de outubro de 2020, presentou ante esta Institución escrito de queixa ante a falla de información sobre a tramitación dun expediente de reposición da legalidade urbanística por obras aparentemente ilegais executadas sobre a finca con referencia catastral [REDACTED], no Concello de Padrón.

ANTECEDENTES

A queixa foi admitida a trámite promovendo, dende esta institución, unha investigación sumaria e informal para o esclarecemento dos supostos en que se baseaba, no que se solicitou a remisión de información ao Concello de Padrón con datas do 20 de outubro e 15 de decembro de 2020.

Con data 4 de xaneiro de 2021, o Concello de Padrón remite oficio no que indica que en relación coa queixa formulada por vostede, sobre peche realizado sen título habilitante para elo no lugar [REDACTED] de Padrón, o peche xa foi retirado pola brigada de obras municipais con data do 5 de novembro do 2020, do que acompaña informe técnico emitido o 9 de novembro do 2020.

No informe asinado polo Arquitecto Municipal, faise constar que con data 5 de novembro de 2020 ao non obter resposta dos propietarios lindeiros da referida propiedade e atendendo á Providencia do Concelleiro delegado de urbanismo do concello de Padrón de data 7 de outubro de 2020, a brigada de obras municipal procedeu á retirada dos postes e

malla metálica que conformaban o tramo de peche existente ó carón da parcela con referencia catastral [REDACTED].

ANÁLISE

Á vista do contido do seu escrito de queixa e da documentación achegada por vostede e do que se manifesta no informe da Administración, cómpre facer as seguintes consideracións:

O Concello de Padrón non tiña executada a retirada do peche realizado sen título habilitante para elo no lugar [REDACTED].

Unha vez solicitada información por parte desta Institución, con data do 5 de novembro de 2020, procedeuse á retirada do peche con postes e malla metálica ao carón da parcela con referencia catastral [REDACTED] ao non obter resposta dos propietarios lindeiros da referida propiedade e atendendo á Providencia do Concelleiro delegado de urbanismo do concello de Padrón de data 7 de outubro de 2020.

CONCLUSIÓN

Tras a investigación realizada, na que se avaliou o contido da súa queixa e o exposto no informe do Concello de Padrón, o procedemento de reposición da legalidade urbanística que non estaba executado, activouse mediante providencia da Concellería de Urbanismo e a súa execución pola brigada municipal.

Por todo o anterior, resolvo dar por concluído este expediente ao considerar que a intervención desta institución, requirindo información sobre os feitos, orixinou que a administración afectada revisara a situación, comprobara o problema que motivou a súa queixa e adoptara as medidas adecuadas para resolvelo.

Ademais, comunicámoslle que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta incluírase na páxina web da institución.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que o Valedor do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número e tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública

galega. Neste sentido, no informe anual ao Parlamento de Galicia darase conta das queixas que foron solucionadas ou resoltas positivamente no curso das actuacións desta institución.

Agradézolle a súa confianza nesta institución e saúdoo/a atentamente.

María Dolores Fernández Galiño
Valedora do Pobo